

Queridos amigos e amigas , pois é seguro que andan por aí máis de vinte coñecidos cos que nos habemos ver nos próximos días, tanto entre as autoridades, os piriodistas e a xente de a pé.

Ben quixeramos estar presentes neste día no que nos poñen nese museo, o mesmiño que unha obra de arte, de tan importantes artistas que teñen aí, aos que non imos nomear por se se nos esquece algún e se nos ofende. Pero, xa saben vostedes, que para vir de troula, nesta época do ano, hai que deixar os labores feitos na casa, e estes días andamos a apañar as patacas e o millo, así como estrullando uns cantos acios para facer unhas olas de viño que, xa se sabe, o da casa non fai mal, diga o que diga a médica.

O día 4, estaremos en Lugo, saia o sol por onde queira, e ó 11, Deus por medio, visitaremos de vagar esta exposición.

En nome da familia e das persoas que a organizaron, convidámoslos a vir e rir con nós (non de nós) para pasarmos uns deses momentos que disque producen “endrofinas” ou como lles chamen a esas substancias que poñen o corazón contento, cousa ben necesaria nestes tempos en que boa parte do mundo está abondo amargurado .

Ánimo, que xa chegamos co San Froilán.

Pelúdez e familia